



# XOVES

## I+D+i

Estimados/as amigos/as:

Dende a **Axencia Galega de Innovación (GAIN)** continuamos informando sobre as novidades de **Horizon 2020**.

**Liderado en Tecnoloxías Facilitadoras e Industriais - LEIT**, (13.557 M€) primeiro dos obxectivos específicos do pilar **Liderado Industrial**, inclúe a parte de Horizon 2020 focalizada en **Tecnoloxías Facilitadoras Esenciais** (KET, polas súas siglas en inglés), **TIC** e **Espazo**.

Esta parte do programa é un instrumento fundamental para acadar os obxectivos da **Política Industrial da UE** e un compoñente principal da **Estratexia Europea para as KET**.

As tecnoloxías identificadas como KET na UE son seis: **micro e nanoelectrónica, nanotecnoloxía, materiais avanzados, fotónica, tecnoloxías de fabricación avanzada e biotecnoloxía**. Estas tecnoloxías contarán en Horizon 2020 cun orzamento de 6.663 M€ para o período 2014-2020, procedente de LEIT.

Poden atoparse oportunidades de financiamento para as KET nos seguintes programas de traballo 2014-2015:

- **Information and Communication Technologies** (micro/nanoelectrónica e fotónica)
- **Nanotechnologies, Advanced Materials, Biotechnology and Advanced Manufacturing and Processing** (nanotecnoloxía, materiais avanzados, tecnoloxías de fabricación avanzada e biotecnoloxía)

Á súa vez as KET son un elemento fundamental da Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia (**RIS3 Galicia**) pola súa capacidade para incrementar a competitividade dos sectores estratéxicos galegos e para contribuír á resolución dos retos sociais da nosa rexión.

Esperamos que esta información vos resulte de interese.

¡Ata o próximo 9 de xaneiro!

¡Felices festas!